



**É xa hora de que señas toda patria dos teus
dos que gardaron a fala en que máis se dixo adeus
e señas dona de ti e señora de falar
señora de decidir e dona de se negar**

A foto que fala



Moito coche, pero que cara de can tristeiro leva!

O trasno Os límites do pluralismo

Daniel López Muñoz



Aló polo o pasado ano, cando xa en Irimia escribíramos sobre as enormes dúbidas que rodeaban o barullo sobre a gripe A, apareceron aqueles vídeos en “youtube” de Teresa Forcades. Esta catalana, doutora en medicina interna, que fixo estudos avanzados en saúde pública nos Estados Unidos, ía esmiuzando o tema cunha enorme serenidade e dando datos precisos e científicos: por que non era unha gripe tan “nova”, por que non había motivos fundados para o alarmismo, como a Organización Mundial da Saúde de maneira ben sospeitosa cambiou a definición oficial de “pandemia”, para encaixar ese brote de gripe nese concepto tan alarmista e mediático, e os variados manexos, manipulacións e atentados da poderosísima industria farmacéutica, citando “fallos” nada inocentes de laboratorios como a casa Baxter.

Os problemas da doutora Forcades foron dous: meterse coas farmacéuticas, dicindo en alta voz o que bastantes só ousaban dicía en voz baixa e, velaí a debilidade fundamental, ser monxa bieita en Montserrat. E, ademais, teóloga feminista. A reacción do “sistema” de poder, foi bastante contundente, cunha contracampaña baseada na descualificación persoal da relixiosa médica. O 1 de novem-

bro de 2009, El País publicou aquel fulminante artigo: “Desmontando a la monja-bulo”. A estratexia de ridiculización da fonte estaba clara: “El mérito de Forcades es que, a pesar o gracias al hábito, parece seria y seguramente actúa con buena intención. (...) Como Mary Poppins, ella también, entre cucharada y cucharada de azúcar, puede hacer comulgar (nunca mejor dicho) con ruedas de molino”. Noutro lugar inscribíase a postura da doutora Forcades no conxunto de “teorías conspiratorias”. Por certo que a reacción fronte a este intento de descualificación por razón de “xénero e condición” –non polo que dicía e argumentaba– foron enormes.

As farmacéuticas volveron gañar. Venceron sobre todos. Conseguiron que a presión obrigara aos gobernos a forrarse de vacinas, das que seica había que poñer dúas doses. A alarma foi tan disparatada como as ganancias das farmacéuticas en plena crise. Pero a xente, que é menos parva do que parece, non se vacinou en masa e agora, para redondear o déficit público, hai centos de miles de doses sobrantes. En toda Europa.

Alguén debía pedir desculpas a alguén.

Editorial Xa somos libres

Pero uns máis ca outros. Isto da construción de Europa baséase sobre todo na nova relixión universal, a economía. Nela cremos a ela nos encomendamos. Palabras coma eficiencia, eficacia, rendemento, utilidade ou expresións de última hora coma “poñer en valor” naceron na economía ou estendéronse a todos os eidos da vida -con novas aplicacións

un día prestámoslles cartos á banca e ao día seguinte póñennos ao borde da bancarrota.

do seu significado- logo de entrar en contacto con ela, afectando tamén a campos tan diferentes coma a educación ou a sanidade.

En base a este novo culto, asumimos que a liberaliza-

ción do gas, dos carburantes, da luz, das comunicacións ía dar ó consumidor un mundo de vantaxes por medio da sagrada competencia entre empresas: mellor atención, baixada dos prezos, máis calidade nos servizos, etc. Dubidamos de que alguén realmente teña fe nestes dogmas, pero os Sumos Sacerdotes continúan falando deles cun asombroso autocontrol e seriedade, aínda que na intimidade escachen coa risa .

O único certo é que as empresas só invisten cando saben que van tirar beneficios, tanto ten se se trata de necesidades básicas (como a comunicación, a enerxía, o aforro, etc...) como da cousa máis prescindible (o peiteado dos cans ou o turismo de aventura). Por iso batemos con solucións tan imaxinativas coma contratar a “atención telefónica ó cliente” en países con man de obra barata, aínda que iso obrigue ó cliente a renunciar á súa lingua para dirixirse a eles nalgún idioma “universal”; ou ampliando a fenda tecnolóxica e deixando a quen non é centro-cidade sen posibilidades de acceso a internet ou cun sistema de luz eléctrica mediocre.

Porén, os amantes da liberdade de mercado esixen indignados ós estados (ou sexa a nós) que subvencionemos a venda de coches ou ás compañías de aviación cando non poden voar por culpa dun volcán. Curiosamente, este tipo de “desastres naturais”, son as que a compañía non está obrigada a indemnizar ó cliente.

Do mesmo xeito, asistimos -coa sensación de que o mundo é así e é demasiado grande e complicado como para poder cambialo-, ás 7 pestes da crise. Socorremos cos nosos cartos ós bancos para que non entren en creba e, ó día seguinte, acordamos asustados porque eses mesmos bancos e os seus especuladores poden mandar á bancarrota a un país coma Grecia e xogar con España e Portugal a agora estás arriba, agora abaixo, agora vales moito, agora non vales nada.

Pois iso, que xa somos libres, grazas ao capital.

Rumores de esperanza

Xan Guillén



No momento que eu escribo isto estou solteiro pero no momento que ti leas isto eu estarei casado. Son as curiosidades do paso do tempo. Tamén é curioso no paso do tempo que eu comezase a colaborar en Irimia sendo un solteiro militante e agora decida dar o paso e prometer fidelidade e amor a unha muller especial.

Non quero parecer hoxe moi “pasteñoso” pero hai veces en que a Deus hai que darlle as grazas por poñernos no noso camiño xente moi moi especial coa que dis con ela si que paga a pena apostar pola vida en común.

A miña esposa chámase Mar e atopina nun deses lugares onde nunca

esperas atopar nada. As conversas con ela levaron a descubrir alguén que para ti é diferente sen saber nunca definir o motivo. Sinxelamente pensas esta muller é quen de completarme. Gústame todo dela, coñezo os seus defectos e aínda así paga a pena rachar coa rutina da vida para formar un proxecto común. De súpeto a túa casa é un fogar só porque está ela e xa tes un lugar a onde chegar á noite.

Desexo que todos os que leades isto teñades a sorte de ter vivido momentos especiais como este que estou vivindo eu. O día 8 de maio pola mañá e en presenza dalgúns irimegos casei porque quero e porque a quero.

1



3



2



4



A peneira

1

O 21 bautizan unha rúa de Cangas. Xosé **VAZQUEZ PINTOR**, que xa dá nome á Casa da Cultura de Melide. O bardo de Agolada loita arreo polo patrimonio. Son Rosalía, Curros e Méndez Núñez, os personaxes con máis presenza nos rúes, coma o monumento de Asorey a Curros nos Xardíns Méndez Núñez da Coruña. Hai 54 concellos co nome do poeta de Celanova nas rúas e Rosalía conta con 289 no estado.

2


No ano de Novoneyra, imos ao Courel coa cámara de Manuel Valcárcel, na exposición da Fundación Caixa Galicia de Lugo que se pode ver ata o 18 de xullo. O creador de Monforte descubriu alí a maxia da **AUGA** coa pureza que percibiu en Nova Celandia. 84 flash de auga recollidos no Ganxes, Nixer, China... e agrupados baixo o título a "Auga, o sangue da terra" co que lanza a mensaxe de que "Cada gota conta". Na foto, o deserto de Atacama en Chile, o lugar máis seco da terra.

3

Dende 1995 o Grupo de Investigación Terbiipromat, da USC, a 13ª universidade máis implicada en investigación na sociedade, organiza Xornadas do Día do Medio **AMBIENTE**, do 24 ao 28. Van debater sobre as enerxías renovables. Consumimos combustibles fósiles, petróleo, e importamos o 78%. No 2006, só un 13,1% da enerxía era renovable. Consumimos o 73% da electricidade producida e exportamos vía Portugal, máis ca o resto do estado.

4

O III Congreso **AGROECOLOXÍA** (24 de xuño) da Universidade de Vigo, é un SOS contra o abandono rural. Hai alternativas, coma a adega Diego de Lemos, de Esther Teijeiro da Sariña, que comercializa viño e 7000 Kg. de cereixas ao ano. Orfa aos 14, liderouna, a prol da Ribeira Sacra. Foi a primeira en refugar pragacidas e transmite a querenza pola terra a fillos e netos. Os produtos ecolóxicos medraron o 80% en 4 anos.



6

8



5



7



Alfonso Blanco Torrado

5

O 18 celébrase **NAVALIA** cun congreso sobre eficacia enerxética nun Vigo cos asteleiros en crise. No 2009 só contrataron un oceanográfico para Qatar e un buque en Teis. Os de Marín suspenden pagamentos a máis de 1000 traballadores. Vigo, con Ferrol, coa renda máis baixa e 9% de paro. No Porriño chegan ao 13,8 pero Lalín ten o 6,3%. Cun 10% de renda menos ca media. Santiago, é a punta, 4000 máis ca A Laracha.

6

Na Festa das Letras celebramos o compromiso de Xosé Carlos **PELETEIRO**, en Cesuras. Recibe o recoñecemento dos veciños por axudalos a identificarse coas súas raíces. Os amigos Mini, Mero, Gúmer, Alicia López, Miguel..., dedícanlle o nº 5 da revista Quequedeque-noconte, abundando na súa achega dende novo ás esencias de Galiza, coa fidelidade dun home de ben.

7

Visitamos A Barcala renovada cos inmigrantes (o 27%), mozos/as, cun censo orixinario 10% maior, comparado con outras zonas. Negreira perdeu en 10 anos un 2,8 e A Baña un 17,7. O mozo máis aguerrido da comarca é Avelino **POUSA ANTELO**, na foto con Queiruga, que cumpre, o 14, 96 anos. Loitou por dotar a Galiza rural de progreso para entusiasmar as/os labregos: cooperativas, novas sementes, etc.

8

Hai eleccións en **FILIPINAS**, cun conflito no sur que xa conta 100.000 mortos en 30 anos, producido por colonos cristiáns, que desterran das terras os labregos de crenza musulmá. 3 dos 90 están no paro e 3 pasando fame. O 10% son emigrantes que achegan o 15% do PIB (3000 emigran cada día). Raya Martin (1984), visualiza esta historia en *Independencia*, subtitulada en galego.

☎ 27891 CERVÓ (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

☎ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

☎ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

☎ Rebl, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

☎ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

☎ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com



☎ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

☎ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

☎ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

☎ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

☎ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

☎ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

☎ Conde de Fenosa, 39
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

☎ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espirolde@yahoo.com

☎ Calvo Sotelo, 8
36580 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aeestrada.com

Política

Pedro Pedrouzo Devesa

A reacción simbólica dos políticos

Moitos políticos abusan da forza simbólica de moitas palabras, aquelas coas que máis se identifica o seu electorado. A mellor forma de confundir é acudir a lugares comúns, contornos familiares nos que sabemos se senten a gusto os nosos votantes. A esta forma de actuar podémola chamar reacción

nunha frase feita que sirva de titular periodístico. Hai consignas que resultan demasiado eficaces, e nos axudan a acomodar a nosa ideoloxía sen ter que rompernos a cabeza.

A cotío, burlámonos dos que entenden a unidade de España de forma centralista e monolítica, e

a ideoloxía é un parto diario que require dunha ferramenta crucial: a razón

simbólica. Ante as iniciativas dos nosos adversarios contestaremos, en caso de apuro, cunha frase feita que adormeza e compra ao noso electorado. Desta tentación non se libra ningunha ideoloxía política: apretemos as filas e repitamos os *slogans* que nos deron tan bo resultado no pasado. Desde a unidade de España ata a privatización dos servizos públicos, non hai mensaxe política que non fose usada e abusada co ánimo espurio de distraer a opinión pública.

Explicar correctamente unha decisión política é complicado. Ten mellor resultado mediático a reacción simbólica. Que lle teño que dicir ao meu electorado? O que quere oír. Realmente é complicado entrar a fondo nos debates públicos. Son demasiados os intereses encontrados, e é grande a tentación de resumilos

son incapaces de comprobar que os estados máis avanzados están federados e descentralizados: Canadá, EU ou Alemaña non parecen monstros dun averno separatista.

Pero non son os únicos. Somos fillos do home unidimensional, e o pensamento único reproducésenos en todos os eidos que consideramos innegociables. Confundimos ideoloxía e prexuízo con demasiada frecuencia. A ideoloxía é o horizonte, o prexuízo nace do apego aos medios. Para chegar a un mesmo fin pode que o camiño no que militamos non sexa sempre o máis axeitado. Somos pasto do discurso simbólico. A ideoloxía é un parto diario, que require dunha ferramenta crucial: a razón; un parto no que a militancia, a cotío, entorpece máis que axuda.



O Peto do Santo Antón MATO SONO IO!

Rubén Aramburu

Creo que é a primeira vez que poño título a un destes petos antoninos, pero é que a cousa foi bárbara. Con Vicente Cerdeiriña, cura histórico de Poio, atravesei fragas e campías, farturentas de castiñeiros, carballos, bidueiros... as terras da Ulloa e por fin Lucus Augusti. Iamos por mor de ver a exposición de Castelao no Museo Provincial de Lugo. Cos anos vou gañando unha colección de tíos inmerecida: Xaquín de Roca, Bernardo de Vilalba, Miguel de Parada... e deume por chamar desta vez ao tío Xesús Mato. Aló agardou con moita paciencia por nós. Non é doado andar co Mato polas rúas de Lugo, párao todo o mundo e entra en cada recuncho como se fora a súa casa. Impresionoume a devoción que lle ten a xente, e como se preocupa polos empregados e funcionarios dos sitios onde nos levou.

Lugo ben vale unha misa, aínda que nós celebrámola en Arzúa, á tardiña, unidos na memoria de Manolo Castro, que foi párroco dos irimegos de Santa María. Levounos Mato por sitios insospetables, mirando mosaicos romanos nos baixos de comercios, pazos señoriais e ata saudamos á familia Pelúdez. Teño que che dicir amigo Antón, que me emocione outra vez ao contemplar a que para min é a mellor talla do noso pai San Francisco, a que fixo o mestre Asorey, e que ben que captou o espírito do pobriño de Asís, levando o irmán lobo, coma un año sobre os ombros e aquel santo hábito feito de remendos cheos de cores e de flores, falando da perfecta alegría. Paga a pena entrar no Museo para miralo.

O Mato levounos xantar ao Mesón de Marcos, mítico en sons e noites e abofé que aquel caldo de nabizas levounos a saborear saudades da montaña e da Terra Brava. É así que, animado polo Amandi vermello e doce, atrevínme a preguntarlle baixiño a Don Ánxel Fole, que para en bronce, tal cal, tras do Concello: "e o Mato?", e retranqueiro contestoume: "Mato sono io, rapaz!"



© CARRABOXO por ROBE LOIS



Letras galegas

Aldegunde Quiñones



Darío Xohán Cabana

Darío Xohán Cabana: “Uxío Novoneyra foi un xenio da palabra”

Darío Xohán Cabana é poeta, narrador, tradutor e académico. Pero isto é tanto coma non dicir nada, porque estamos ante un dos máis grandes na República das Letras e calquera presentación sería inxusta coa sabedoría e a obra que este home nos regala. Agradecemoslle, simplemente, que con el poidamos saber algo máis de Novoneyra, outro dos que figuran á fronte desa República.

Onde reside o carácter renovador da poesía de Novoneyra?

Nun novo modo de facer poesía, moito máis tensa, moito máis visual, xestual e baseada nos valores fónicos. Mantivo unha certa pelexa coas palabras ata facelas encadrar nun esquema do que el, ao mellor, non era plenamente consciente pero que era totalmente diferente. De aí xurdiu unha poesía tremendamente auténtica porque saía dunha actitude nova diante das cousas.

Esa batalla coas palabras facíalle pulir os seus textos continuamente.

Si, pero non é un perfeccionista por unha estética que lle veña de fóra senón por unha necesidade de encontrar as palabras que expresasen o xusto sentimento e o xusto ritmo que el procuraba.

Cando se fala de fonosimbolismo no primeiro no que se pensa é en Uxío.

Eu de fonosimbolismo non entendo. Eu entendo algo de forma e do xeito de conxuntar as palabras. Novoneyra era un poeta coma Pondal, un poeta da tensión das palabras: non cadran porque si, senón porque as facía cadrar, nun traballo lento e tenso.

O título do ensaio de Méndez Ferrín *De Pondal a Novoneyra* parece, xa que logo, ben axeitado.

Non sei se Ferrín se decatou da semellanza formal entre os dous -supoño que si- pero nese título está o resumo de toda a poesía galega.

E tamén foi o propio Ferrín quen dixo que Uxío, nunha parte da súa poesía, simplemente nomeaba as cousas.

Si, pero iso foi ao principio, no primeiro libro de *Os Eidos*, e que, por certo, non ten nada que ver con Noriega Varela. Era unha poesía simple coma os haiku xaponeses, que non sei se daquela coñecía, ou estes tipos de poesía aparentemente minimalista. Hai poemas que nun verso ou dous definen sentimentalmente e dun xeito perfecto unha situación ou unha emoción. Despois, a poesía vaise facendo máis longa e máis complexa. Así aparecen poemas que valen un libro coma o *Viet Nam Canto*, a *Letanía de Galicia* ou o romance de Manuel de Ribadaira, que non é un poema complexo pero que parece que ten en si toda a literatura occidental.

Tamén comparte con Pondal o emprego dos topónimos.

Pero dunha forma diferente, porque Pondal insíreos dentro dun mito falsamente histórico pero cun certo ar historicista mentres que Novoneyra deixa o topónimo máis ben só: a súa

Novoneyra tiña a poesía como centro absoluto da súa vida

propia sonoridade dentro do poema parece xustificarse a si mesma. En Pondal, aínda que a sonoridade tamén é moi evocadora, atópanse dentro dun esquema máis discursivo, mentres que cando Novoneyra introduce os topónimos é cando menos discursivo é, porque non define nunca o topónimo nin o pon en relación con ese constructo ideolóxico-mítico de Pondal.

Nacer no Courel fixo que a súa poesía sexa como é?

Eu creo que a primeira razón é que Novoneyra era un xenio da palabra. Pero influíron outros factores, coma a pleuresía da que estivo a punto de morrer e que marcou unha etapa da súa existencia. A vida de Uxío foi estraña, unha das cousas que non se lle poden reprochar é que fose un fanático do traballo: viviu sempre como poeta, igual ca Pondal, que foi un poeta obsesivo. Novoneyra tiña a poesía como centro absoluto da súa vida, tamén era un poeta obsesivo. Nunca coñecín outro coma el. Por outra parte, cando el naceu habería unhas 6000 persoas no Courel, e ningunha foi Novoneyra.

Tamén é estraño que unha das que quedase a vivir alí fose María Mariño.

Si, María Mariño era unha persoa que escribira poemas deses que fai a xente que le unha antoloxía con títulos coma *Los cien mejores poemas de la lengua española* e hoxe imita a un e mañá a outro.

Cando chegou era xa unha muller de idade, cunha cultura literaria evidente pero desordenada. Alí encontrouse con Uxío que, malia ser vinte e pico anos máis novo, estaba moito máis metido na literatura moderna. A xe-

nialidade de María Mariño, coutada por un credo estético absolutamente recuado sentiuse libre porque Uxío coñecía outro tipo de literatura e sabía que non todo eran sonetos ou suspirillos xermánicos ao xeito de Bécquer. E así foi como María Mariño escribiu eses poemas soberbios, roucos, imperfectos e conmovedores de *Palabra no tempo*. Esa foi a interacción de Novoneyra da obra de María Mariño, pero tamén hai unha influencia en sentido inverso: unha cousa son os poemas de *Os eidos* -escritos antes de coñecela- e outra moi distinta moitos poemas de *Elexías do Courel* e xa non digamos outros poemas posteriores. O que me asombra

Uxío era o poeta da tensión das palabras

é o ben posto no mundo que estaba. Tiña unha cultura literaria, histórica e artística case incomprendible na época da súa formación. Naqueles anos 40 e 50 cunha España fea, cerrada e metida na barbarie da reacción -tamén na reacción estética- Novoneyra estaba ben instalado na súa Europa.

Aínda que hoxe o recoñecemento é unánime algunha voz nova ten manifestado certa distancia coa poesía de Novoneyra

A xente chega, está cabreada e di disparates. Naturalmente as xeracións máis novas tenden a matar os pais, enterralos en cal ou facerlle a parcelaria aos eidos, pero iso son caralladas. Cando no ano 1976 e 1977 o grupo Rompente, moi importante e útil na poesía galega, comeza a existir de-



Darío X. Cabana no seu despacho



A casa de Uxío Novoneyra

Letras galegas



A devesa da Rogueira coa aldea de Parada ao fondo

dicáronse a mallar en Manuel María coma en cento verde. A el, que xa escribira *Morrendo a cada intre* cando aqueles rapaces aínda non naceran íanlle ensinar vangarda?! Igual fixera Manuel Antonio, un dos máis grandes da poesía galega, e que dixo os disparates tan inmensos -e tan útiles dende un punto de vista histórico- coma os que aparecen no manifesto *Máis alá*.

A súa actitude diante dun poema é unha actitude única.

A Uxío gustáballe recitar tanto os versos seus coma os alleos, non si?

Si, el recitaba moi ben e ademais facía algo diferente, interpretándoos co xesto, coa voz, coa cara... Realmente, os poemas ditos por el estremecían, pero os poemas ditos por outro que o faga medianamente ben tamén estremecen. El non compoñía sobre o papel, senón recitando. Eu nunca

lle vin compoñer, pero se non fose así non podía facer os poemas que fixo. É dicir, el interpretaba os poemas mesmo cando os compoñía. O poema é verbal e a súa realización perfecta é a oral. O poema mental, eu creo que non existe. Por iso tamén hai tantos poemas que non o son, que están divididos en liñas aparentemente versais porque hai quen cre -e está equivocando- que o verso libre é libre, cando é o máis suxeito de todos os versos. E iso sabíao Novoneyra perfectamente: os versos libres de Uxío están perfectamente pensados e adaptados a un modo de pronunciar.

Que lugar ocupa Novoneyra na literatura galega?

Novoneyra é un poeta vivo, que está escribindo agora, que ten unha potencia moi grande tanto como poeta lírico coma cívico. O que cómpre é levalo aos institutos, ás prazas, ás rúas e recitalo. É un poeta que se explica a si mesmo, nin sequera fai falta estudalo moito. A súa poesía cívica, neste momento no que non andamos nave-

gando en prosperidades, vainos unir e mobilizar en defensa da lingua, que é o gran problema que temos neste momento. Novoneyra é un deses poetas que van medrando. Xa foi grande desde que publicou *Os eidos* pero hoxe é un dos sete ou oito grandes poetas da nosa poesía. Unha poesía que comezou con Rosalía, Curros e Pondal e que continuou con Manuel Antonio. Aquí hai un Cunqueiro e un Méndez Ferrín. E Novoneyra está ao carón deles, ao lados dos xenios.

Este ano a Real Academia Galega dedicoulle o Día das Letras a un home que no seu día fixo público o seu profundo desacordo con esta institución.

Realmente con quen estaba en desacordo era coa Academia de García Sabell. Uxío foi alí con outros escritores e armoulle unha boa defendendo o que hoxe defende a Real Academia. Daquela a RAG tiña unha directiva pouco axeitada a unha institución que foi fundada por Curros,

Foi un gran poeta civil e patriótico e insubornable de defensor da lingua.

Pondal e Murguía e o espírito de Rosalía. A RAG tivo altos e baixos, negros e grises moi escuros, pero é unha institución representativa, dun modo simbólico, do que foi o Rexurdimento e a cultura galega. E hoxe, dez anos despois da morte de Uxío, regalallo ao pobo galego para que se ampare nel e faino nun momento no que Novoneyra é extremadamente útil por esa súa condición de gran poeta civil e patriótico e insubornable defensor da lingua galega.

As escolas infantís: unha demanda non atendida

Unha das maiores preocupacións que teñen as parellas que acaban de ter fillos é como atendelos no horario de traballo. Os prolongados horarios laborais, unidos aos desprazamentos que ocasiona o traballo, fan que a demanda de escolas infantís sexa altísima actualmente. Unha necesidade perentoria a de escolas infantís, que non deberan ser un mero aparcadoiro de nenos, senón un paso real na súa educación e socialización.

A oferta de escolas infantís

Hai dúas actuacións que debemos diferenciar: unha é construír escolas, outra xestionalas. Para iso a administración pública ten tres alternativas:

- 1.- Concertar as prazas necesarias en escolas privadas, a través dun proceso no que poidan participar todas as escolas.
- 2.- Construír as escolas infantís públicas necesarias e xestionalas por empregados públicos.
- 3.- Construír as escolas infantís públicas necesarias e xestionalas por empresas ou asociacións adjudicatarias, ás que se lles valore non só o prezo, senón tamén as iniciativas pedagóxicas propostas. A escola é pública e a xestión privada.

Hai unha solución mixta na que convivirían as tres tipoloxías de escolas infantís, que realmente é a que existe actualmente. De calquera forma, temos que asegurarnos de que o número de prazas ofertadas cubre a demanda existente, algo que hoxe non se dá. O ideal que nos debemos marcar é que as prazas ofertadas cubran as necesidades dos nenos que requiren atención especial.

O acceso ás escolas infantís

Pero non abonda con mellorar a oferta: debemos decidir cal vai ser a forma de acceso dos nenos ás escolas. Ese acceso tense que facer en termos de igualdade: cada familia pagará por tramos de renda fixados pola ordenanza municipal respectiva.

Non ten por que variar o acceso para calquera das tres formas de xestión. A única diferenza é que no primeiro caso a Administración págalle á sociedade propietaria da escola infantil, no segundo págalle aos empregados públicos que nela traballan e no terceiro págalle á sociedade que a xestiona.

A pregunta que me fago agora é: que é privatizar este servizo? Desde que perspectiva imos conxugar ese verbo? Pensando no persoal que traballa nas escolas ou no acceso dos nenos ás escolas infantís?


Desde a primeira perspectiva, privatizar é consentir que haxa escolas infantís públicas non xestionadas por persoal público.

Desde a segunda perspectiva, privatizar é permitir que haxa familias que, ante a falta de prazas públicas, teñan que levar aos seus fillos a escolas onde pagarán máis do que lles correspondería pola ordenanza municipal. Convén aclarar que segundo esta visión, son públicas todas as prazas ás que accedemos pagando o que estipula tal ordenanza, sexa privada ou pública a escola que se nos asigna.

O centro do debate mediático é, con demasiado frecuencia, a forma de xestionar as escolas infantís. O verdadeiro debate é se somos capaces como sociedade de asegurar que calquera neno que naza, teña unha praza nunha escola infantil adecuada ás súas características e pague segundo a renda da súa familia (un prezo que pode oscilar entre totalmente de balde ou pagar o custo total desa praza).



Ás furtadelas



O arcebispo de Poitiers, Mons. Albert Rouet é unha das figuras máis libres do episcopado francés. A súa obra “J'aimerais vous dire” (Gustaría-me dicirvos) Ed. Bayard, 2009, é un best-seller na súa categoría. Vendeu máis de 30.000 exemplares, recibiu o premio 2010 dos lectores de Procúrea (a maior librería católica de Francia), é un libro de entrevistas que lanza unha mirada bastante crítica sobre a Igrexa católica.

A Igrexa católica vese sacudida desde hai meses pola revelación dos escándalos de pedofilia en varios países europeos. Sorprendéronlle?

Gustaríame precisar unha cousa primeiro: para que haxa pedofilia precísanse dúas condicións, unha perversión profunda e poder. O que significa que todo sistema pechado, idealizado e sacralizado, é un perigo. Na medida en que unha institución -incluída a Igrexa- se constitúe en base a un dereito privado, e se cre en posición de forza, é posible que aparezan derivas financeiras ou sexuais. É o que revela esta crise, e iso obríganos a volver ao Evanxeo: a debilidade de Cristo é constitutiva da forma de ser da Igrexa. En Francia, a Igrexa non ten este tipo de poder, polo que estamos fronte a faltas individuais, graves e condenables, pero non ante un asunto sistemático.

“A IGREXA CORRE O RISCO DE CONVERTERSE NUNHA SUBCULTURA”

Entrevista a Monseñor Rouet, Arcebispo de Poitiers.
Declaracións recollidas por Stéphanie Lle Bars

Estas revelacións chegan logo de varias crises que se están dando no pontificado de Benedito XVI. Que é o que pon á Igrexa en apertos?

Desde hai algún tempo, a Igrexa sofre tormentas internas e externas. Temos un papa que é máis un teórico que un historiador. Segue sendo o profesor que pensa que cando un problema está ben exposto, está xa medio resolto. Pero na vida, isto non é así; enfrontámonos á complexidade, á resistencia do real. Vémolo claramente nas nosas dioceses onde facemos o que podemos! A Igrexa ten dificultades para situarse no axitado mundo de hoxe. Ese é o corazón do problema. Preocúpanme dúas cousas da situación actual da Igrexa. Dáse nela unha conxelación da palabra. Xa que logo, calquera cuestionamiento da exéxese ou da moral xúlgase blasfemo. Cuestionar é algo que xa non se produce

os laicos son cristiáns para os outros, non para si mesmos.

automaticamente e é unha pena. Ao mesmo tempo, na Igrexa reina unha atmosfera de suspicacia malsana. A institución enfróntase ao centralismo romano que se apoia sobre toda unha rede de denuncias. Certas correntes pasan o tempo denunciando as posicións de tal ou cal bispo, facendo informes contra un, gardando fichas contra outro. E isto intensifícase con Internet.

Doutra banda, vexo unha evolución da Igrexa paralela á da nosa sociedade. A sociedade quere máis seguridade, máis leis; a Igrexa, máis identidade, máis decretos, máis regulamentos. Protexémonos, encerrámonos. É o sinal mesma dun mundo pechado, e é un desastre!

En xeral, a Igrexa é un bo espello da sociedade. Pero actualmente, no seu interior son especialmente fortes as presións relativas á identidade. Hai toda unha corrente, que non reflexiona moito, que asumiu unha identidade de tipo reivindicativo. Logo da publicación na prensa de caricaturas sobre a pedofilia na Igrexa, recibín reaccións dignas dos integristas islámicos con ocasión das caricaturas de Mahoma! Ao aparecer de forma ofensiva, un descualifícase.

O presidente da conferencia episcopal, Monseñor André Vingt-Trois, volveu a dicilo en Lourdes, o 26 de marzo: a Igrexa francesa está marcada pola crise de vocacións, o descenso na transmisión da fe, a disolución da presenza cristiá na sociedade. Como vive vostede esta situación?



Trato de tomar nota de que estamos ao final dunha época. Pasamos dun cristianismo de costume a un cristianismo de convición. O cristianismo mantívose sobre o feito de que se reservou o monopolio da xestión do sacro e das celebracións. Coa chegada de novas relixións e coa secularización, a xente xa non recorre a esa idea do sacro. Pero, seica poderemos dicir que a bolboreta é máis ou menos que a crisálida? É outra cousa. Por iso eu non razoo en termos de dexeneración ou de abandono: estamos en proceso de mutación. Fáltanos calcular a amplitude desa mutación. Mire a miña diocese: hai setenta anos, tiña 800 curas. Hoxe en día, ten 200, pero tamén conta con 45 diáconos e 10.000 persoas involucradas nas 320 comunidades locais que comezamos a crear fai quince anos. E iso é mellor. Hai que acabar coa pastoral tipo SNCF (N.T. a Renfe en España). Hai que pechar algunhas liñas e abrir outras. Cando un se adapta á xente, ao seu xeito de vivir, aos seus horarios, a asistencia aumenta, tamén á catequese. E a Igrexa ten esta capacidade de adaptación.

De que forma?

Nós xa non temos o persoal suficiente para unha división territorial con 36.000 parroquias. E entón, ou ben o consideramos unha desgraza da que hai que saír a calquera prezo e resacralizamos ao cura, ou ben inventamos outra cousa. A pobreza da Igrexa é unha provocación para que abramos novas portas. A Igrexa debe apoiarse nos seus clérigos ou nos seus bautizados? Eu penso que a Igrexa debería confiar nos laicos e deixar de funcionar sobre a base dunha división territorial medieval. Isto é un cambio fundamental. É un reto. Ese reto supón abrir o sacerdocio cara aos homes casados? Si e non! Non, xa que imaxínese que mañá eu poida ordenar a dez homes casados, que

os coñezo, non é iso o que falta. Non podería pagarlles. Deberían traballar, polo tanto, e non estarían dispoñibles máis que os fins de semana para os sacramentos. Así regresariamos a unha imaxe do cura vinculada só ao culto. Sería unha falsa modernidade. Con todo, se cambiamos o xeito de exercer o ministerio, se a súa función na comunidade é outra, entón si, podemos considerar a ordenación de homes casados. O cura non debe seguir sendo o patrón da parroquia; debe de apoiar aos bautizados para que se convertan en adultos de fe, debe formalos, evitar que se repreguen en si mesmos..

É el [o cura] quen debería recordarlles que son cristiáns para os outros, non para si mesmos. Entón, el presidirá a eucaristía como un xesto de fraternidad. Se os laicos seguen sendo menores de idade, a Igrexa non terá credibilidade. Ela debe falar de adulto a adulto.

calquera cuestionamiento da moral xúlgase blasfemo

Vostede considera que a palabra da Igrexa xa non se adapta ao mundo. Por que?

Coa secularización, formouse unha especie de “burbulla espiritual” dentro da cal flotan as palabras. Comezando pola palabra “espiritual”, que cobre practicamente calquera tipo de mercancía. Polo tanto, é importante dar aos cristiáns os medios para identificar e expresar os elementos da súa fe. Non se trata de repetir unha doutrina oficial senón de permitirllas dicir libremente a súa propia adhesión.



Frecuentemente é o noso xeito de falar a que non funciona. Fai falta descender da montaña ao chan e facelo humildemente. Para iso requírese dun gran traballo de formación, xa que a fe converteuse en algo do que non se falaba entre cristiáns.

Cal é a súa maior preocupación sobre a Igrexa?

O perigo é real. A Igrexa corre o risco de converterse nunha subcultura. A miña xeración estaba apegada á idea de inculturación, á inmersión na sociedade. Hoxe en día, o risco é que os cristiáns encérrense e endurezan simplemente porque teñen a impresión de estar fronte a un mundo de incompreensión. Pero non é acusando á sociedade de todos os males como alumamos á xente. Ao contrario, fai falta unha inmensa misericordia para con este mundo onde millóns de persoas morren de fame. Tócanos a nós amansar a ese mundo, tócanos a nós volvernos máis amables.

Recollido da revista ECLESALIA.
Traducido da versión española de
Inmaculada Franco


O noso taboleiro

Remol

Para orar e celebrar a fe na nosa terra

<http://remoldapalabra.blogspot.com/>

O Remol naceu como unha iniciativa para a celebración e para a oración. Para atoparnos con Deus, cada quen consigo e coa comunidade. Un espazo para compartir e para contemplar, para criticar e para avanzar. Para o silencio e para o cuestionamento.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO



MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

SUBSCRICIÓN: Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ninfa, Riveiro, Martínez

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia> / <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

Boa Nova



DOMINGO 23 DE MAIO. PENTECOSTE
Xn 20, 19-23

A PALABRA

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles: "Paz convosco". Dito isto, mostroulles as mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez: "Paz convosco: como o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós". E dito isto alentou sobre eles, e díxolles: "Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlle perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlle retidos".

A CLAVE

Xoán conecta temporalmente a Pascua con Pentecoste. Para el non hai distancia entre os dous feitos. Magdalena descobre o resucitado, comunícallo a todos, e logo o mesmo resucitado se presenta no medio daquel grupo, pechado no seu medo, para darlles a paz e comunicarlles o seu alento, a Ruah. Xoán non fala, como Lucas, de vento forte, estrondos ou linguas de lume. O espírito é moito máis sutil, é un alento que se exhala, ese aire que entra e sae do noso corpo. Non o podemos reter, nin negarlle o paso. Entra e sae con naturalidade, case sen darnos conta. E coa mesma facilidade coa que se respira Xesús trae a paz, e con ela a capacidade de perdoar os pecados. Xesús ponnos ao mesmo nivel que Deus dándonos un poder que ata aquela só tiña Deus (ou iso pensaban os fariseos e saduceos que condenaran a Xesús no Sanedrín). Con toda naturalidade xorde a máis absoluta transgresión. Aquel poder de Deus, que a Xesús lle custou unha condena a morte, agora xa é patrimonio de toda a comunidade, daquela primeira igrexa. E aínda vai máis aló: ata di que, no caso de non perdoemos a alguén, Deus mesmo non lle perdoará tampouco... Non será moito dicir? Deus dános plenos poderes aos humanos en materia de perdón (ollo, só nesa materia!! Que ninguén se pase de listo!). Con semellante proposición, a ver quen se atreve a non perdoar. Faría quedar mal ao mesmo Deus!!

...E xa sabedes como segue a historia de Xoán. Tomás non quería crelo, e Xesús respóndelle: "benia aos que creron sen veren!"

O ECO

"MEDO", "Portas PECHADAS", fóra van aires de morte e xenreira. Dentro, algún ou algunha aínda chora por quen marchou. Non lles deixan nin facer o dó e xa andan enriba deles, non lles fora dar por seguir os pasos do seu Mestre... Non deu tempo nin a chorar ... Teño tan vivas as imaxes dunha comunidade de discípulos de hoxe a quen lle pasa o mesmo que non me custa imaxinalo. Pero non quedan penas en nós, varreunas o vento, o mesmo vento que sopra dende o día en que o noso Pai Nai pariu este mundo e xurou que non deixaría nunca de varrer ata escorrentar todo medo, todo frío, toda fame, que nunca nos deixaría sós. O mesmo vento que poxa por coársenos dentro ate deixarnos en paz. A Paz. Quen se resistirá?

Cando releo este Evanxeo pregúntome, quen estaba vivo e quen morto? Estamos vivos? Estamos vivas? Quen recibe o Espírito, reconece a Xesús en quen leva chagas, perdoa como el, entende a lingua do amor que nos fai entender todas as linguas. Sen o Espírito, os que nos chamamos os seus discípulos e discípulas non duraremos xuntos e a súa Palabra perderase. Isto non pasa na miña comunidade. Non lle pon portas ao vento e sabe quen é o seu Mestre e como recoñecelo.

Este eco vai para vós irmás e irmáns de "Home Novo", vai por ti Manuel que non tiñas medo de ninguén nin de nada, pacífica e teimuda testemuña do Espírito, El e ti vivides entre nós. Dou fe.

Christina Moreira

Marisa de Corme

Falando da lingua Mes de cavorcos e bullós

Lidia e Valentina

Estamos en maio, o mes das flores pero tamén das letras, das letras galegas porque as letras castelás non necesitan día especial. Quen ten un día especial? Aquilo que precisa facerse visible aos ollos da sociedade. Hai un día dedicado ao cancro e outro á sida pero non o hai dedicado á saúde. Tamén hai un día dedicado aos deficientes psíquicos e aos de alzheimer. E, salvando as distancias, tamén nos deixan un oco para dedicarlle ás letras e ás

palabras galegas. Xa non imos facervos reflexionar máis no tema, pero logo que non se diga que cómpre igual tratamento para as dúas linguas no ensino, na administración non, non son iguais socialmente, aínda que si estruturalmente.

Cando vos chegue esta revista ás mans algo escoitariades ou leríades do poeta homenaxeado este ano polo Día das Letras Galegas: Uxío Novoneyra. Libros de poemas, vídeos con poemas recitados por el ou por outros... e se cadra decatástevos que se lle nota algo que é o poeta do Caurrel, das “terras outas” do oriente de Galicia. E como falan por alá? Imos facer un pequeno repaso polos trazos do bloque oriental:

Fan o plural das palabras rematadas en -n eliminando esta consoante e engadindo -is, por exemplo, din “cais” cando hai máis dun can, ou “pantalóis” cando teñen máis de un pantalón, ou “xamois” cando hai varios

Din o ditongo “ua- por exemplo empregan: cuatro e guardar, no canto de catro e gardar. Daquela se lles escollades dicir que teñen que “guardar cuatro cais” non están falando en castelán, senón nunha variante do galego propio da zona máis oriental de Galicia.

Rematan moitos perfectos en -n, por exemplo: cantein ou sein tan presente nos seus versos.

E logo está o léxico propio da zona que el recolle en moitos versos, un léxico rico e para moitos pouco coñecido o que lle fai dicir ás malas linguas ignorantes que “inventamos o galego”. Lemos que “veu o tempo dos bullós” e temos que saber que un “bulló” é unha maneira de chamarlle ás castañas (normalmente sen casca). E o tan nomeado “cavorco” do lobo, do xabarín, cheo de néboa que é? Pois un camiño fondo feito pola auga torrencial e por onde mesmo pode pasar auga.

E poderíamos seguir pero non temos espazo...



Estas castañas para converterse en bullós teñen que cocerse ou asarse!

O Fachineiro da lingua

O milagre cotián

Tocounos vivir nun país diferente, onde hai xente que inviste as súas forzas en loitar contra a lingua propia, onde hai que encher o obradoiro cada trimestre para reclamarlle a un goberno que faga o que debere facer por sentido común, legal e moral; onde, se queres un documento notarial en galego, van darcho dous meses máis tarde ca en castelán; onde, cando morres, os teus aínda teñen que estar pendentes e pedir por favor a necrolóxica na que falaras; onde non podes atopar unha robaliza en ningún letreiro dun supermercado; onde se redactan o 2% das sentenzas en

galego, onde a universidade que máis docencia imparte non chega ao 20%; onde podes ver na carta do restaurante crêpes suzettes pero non ollomol ao forno; onde a primeira medida que un goberno adopta é a de eliminar a proba de galego no acceso á función pública “para no crear barreiras”; onde o Conselleiro de Educación desacredita o labor dos docentes aos que administra e o de cultura desvaloriza a cultura que representa. Aquí, no único país do mundo no que se emiten os teletubies en inglés, subtitulados para nenos que non saben ler, seguimos existindo: un milagre cotián.

A. Q.

